



## Lógrase o pago do 100% das baixas após o día 90 para o persoal de MUFACE

*Despois dunha xestión da CIG coa Consellaría de Facenda e a Asesoría Xeral da Xunta*



Eleccións Sindicais 2018

#4decembro

Gañarmos o  
**FUTURO**

Ensino público galego  
Profesorado con dereitos

Despois de meses de bloqueio por parte da Xunta para poder pagar o complemento até o 100% das retribucións ao persoal de MUFACE que está de baixa máis de 90 días e logo dunha xestión da CIG coa Consellaría de Facenda e a Asesoría Xeral da Xunta, temos información de que está desbloqueado o tema e que existe un informe xurídico que permitirá o cobro desa diferenza.

Solicitamos que **se faga efectivo canto antes co persoal que reclamou así como con aquelas persoas que desde o 2013 estiveron de baixa máis de 90 días** e así poidan recuperar esa diferenza.

A Consellaría, na mesa sectorial celebrada o martes 13 de novembro, confirma a nosa información e di que só

está pendente dun trámite administrativo pero que vai pagar a todo o persoal de MUFACE que estivera de baixa máis de 90 días durante o 2018.

Polo tanto desde a CIG Ensino recomendamos a todo aquel persoal funcionario que estivera de baixa máis de 90 días (de forma continuada) entre o 2013 e o 2018 que **reclame estas cantidades**. Facemos referencia ao complemento que debe aboar a Consellaría para que a contía das baixas, a partir do cuarto mes, se equipare ao 100% do salario.

Recordamos que **segue pendente de recuperar o 100% da paga durante o 21 primeiros días do período de incapacidade temporal (baixa),**

que semella que será, en parte, efectivo a 1 de xaneiro de 2019.

***De momento segue pendente a aprobación en 2019 da eliminación dos descontos por enfermarse. Segundo a proposta da Xunta, o seu persoal percibirá o 100% do salario do primeiro mes de baixa, pero non se beneficiará de ningún incremento (como o cumprimento de trienios, sexenios, acordos salariais...) durante o tempo que dure a incapacidade temporal.***

***A CIG-Ensino mantén a súa defensa de que non haxa discriminacións con respecto ao persoal en activo e se poidan engadir á prestación por incapacidade os aumentos salariais que correspondan.***